

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 8 DE XANEIRO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Decreto polo que se aproba a modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Dodro (A Coruña) para delimitar un ámbito de solo urbanizable industrial.
- Decreto polo que se aproba a modificación puntual número 5 do Plan xeral de ordenación municipal de Oroso (A Coruña).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se nomea reitor da Universidade da Coruña o profesor doutor Julio Ernesto Abalde Alonso.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto polo que se regula a composición e funcionamento do Consello de Arquivos de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o estado de situación dos tres plans de avaliación de entidades dependentes da Xunta de Galicia.

- Informe sobre as actividades da Escola Galega de Administración Pública no ano 2015.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe sobre a situación actual e previsións da estación intermodal de Ourense.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre as novas convocatorias para investimentos e industria 4.0 en 2016.
- Informe sobre a orde do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia das actuacións desenvolvidas desde a Consellería de Sanidade e desde o Servizo Galego de Saúde en relación coa difusión do dereito a exercer as instrucións previas por parte da cidadanía.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a Estratexia de acción voluntaria 2015-2018.

MEDIO AMBIENTE AUTORIZA UNHA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE DODRO QUE PERMITIRÁ AMPLIAR AS INSTALACIÓNS DUNHA FÁBRICA DE TRANSFORMACIÓN DE PRODUTOS DO MAR

- *O Consello da Xunta foi informado na reunión que tivo lugar esta mañá*
- *A modificación afecta unha parcela de máis de 20.000 m², en parte ocupados pola instalación e lindeiros coa estrada autonómica AC-305*
- *Desde a Xunta destácase o traballo realizado a prol do urbanismo en Galicia, xa que na actualidade son 83 concellos os que contan cun plan xeral de ordenación actualizado*

A Xunta de Galicia asinou o Decreto polo que se autoriza a modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Dodro, que permitirá a ampliación das instalacións dunha fábrica de transformación de produtos do mar. O obxecto da modificación puntual consiste na delimitación dun sector de solo urbanizable delimitado industrial, no cal se inclúe a industria existente e a súa ampliación e que inclúe a ordenación pormenorizada do ámbito.

Na actualidade o Concello de Dodro conta cun plan xeral que foi aprobado en decembro de 2010 e a modificación sobre a que se informou esta mañá afecta unha parcela de máis de 20.000 m² (20.717), en parte ocupados polas instalacións dunha fábrica de transformación de produtos do mar, e lindeiros coa estrada autonómica AC-305.

Despois de analizar a documentación e de recompilar os informes técnicos necesarios, como os de Augas de Galicia, Axencia Galega de Infraestruturas ou da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías das Información, a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio considera que esta modificación atende a razóns de interese público e que están debidamente xustificadas. Neste aspecto coincidiron os membros da Comisión Superior de Urbanismo que, na súa última reunión en decembro do pasado ano, emitiron un informe favorable sobre a modificación puntual, aprobada provisionalmente polo Concello nunha sesión plenaria de setembro de 2015.

Todos os concellos con planeamento

No ano 2009 eran 37 os concellos cun PXOM actualizado, agora xa son 83, o que demostra o traballo e esforzo realizado pola Xunta a prol do urbanismo, non só con asesoramento técnico, senón tamén con apoio económico con axudas á redacción de planeamento.

A modificación puntual sobre a que se informou no Consello que tivo lugar esta mañá é acorde cos obxectivos do Goberno galego de que os concellos contan coas ferramentas urbanísticas que lles proporcionen a maior e máxima seguridade para o

desenvolvemento de todos os proxectos. Así, a Xunta ten por finalidade que todos os concellos de Galicia contén con planeamento, que ademais é un dos grandes retos ao cal dará resposta a nova Lei do solo.

A lei proporciona os instrumentos necesarios para garantir que os 314 concellos de Galicia teñan o seu plan urbanístico e no prazo máis breve posible, grazas a medidas como: a simplificación do proceso, creando o informe único autonómico que evita que os concellos teñan que solicitar todos os informes sectoriais por separado; e tamén axilizándoo, ao entender como positivo o silencio administrativo cando este alcanza os tres meses.

Outra das medidas é a creación de novas figuras como o Plan básico autonómico e os plans básicos municipais, destinados a servir de apoio aos concellos con menos de 5.000 habitantes, que son os que maiores dificultades técnicas adoitan atopar para elaborar un planeamento. Estes concellos terán a liberdade de elixir se fan eles o PXOM ou se o fai a Xunta a través do Plan básico municipal.

AUTORIZOUSE A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE OROSO QUE PERMITE AMPLIAR O ENLACE DA AP-9 COA N-550, NO NÚCLEO DE SIGÜEIRO

- *O Consello da Xunta foi informado na reunión que tivo lugar esta mañá*
- *A modificación consiste na definición de ámbitos clasificados como solo urbanizable non delimitado que pasan a solo rústico de protección de infraestruturas (autoestrada), solo rústico de protección ordinaria e solo de núcleo rural*
- *Desde a Xunta destácase o traballo realizado a prol do urbanismo en Galicia, xa que na actualidade son 83 concellos os que contan cun plan xeral de ordenación actualizado*

O Consello da Xunta informou esta mañá da sinatura da modificación puntual do Plan xeral de Oroso, que permitirá a execución das obras para ampliar o enlace da autoestrada AP-9 coa nacional 550 (N-550) á altura do núcleo de Sigüeiro, que executará o Ministerio de Fomento.

A modificación sobre a cal informou a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo consiste na definición de ámbitos clasificados como solo urbanizable non delimitado que pasan a solo rústico de protección de infraestruturas (autoestrada), solo rústico de protección ordinaria e solo de núcleo rural. Ademais, tamén se modifica un ámbito que se considera espazo libre de dotación local do polígono empresarial (solo urbano), que pasa a solo rústico de protección de infraestruturas (autoestrada).

A ampliación da ligazón entre a AP-9 e a N-550 supón a redución de 10.930 m² de zonas verdes no ámbito do Parque Empresarial de Sigüeiro (SAUI sector 1), xa executado, e a redución do seu longo a menos de 30 metros noutros 8.820 m².

Non obstante, estas reducións compénsanse mediante a incorporación ao Plan xeral (PXOM) de 56.599 m² de novos espazos libres de sistema xeral para executar un parque fluvial, adscritos ao ámbito urbanizable non delimitado contiguo.

A Comisión Superior de Urbanismo emitiu na súa última reunión, en decembro do pasado ano, un informe favorable sobre a modificación puntual, conforme o previsto no artigo 95.4 da LOUG.

Todos os concellos con planeamento

No ano 2009 eran 37 os concellos cun PXOM actualizado, agora xa son 83, o que demostra o traballo e esforzo realizado pola Xunta a prol do urbanismo, non só con asesoramento técnico, senón tamén con apoio económico con axudas á redacción de planeamento.

A modificación puntual sobre a que se informou no Consello que tivo lugar esta mañá é acorde cos obxectivos do Goberno galego de que os concellos contén coas ferramentas urbanísticas que lles proporcionen a maior e máxima seguridade para o desenvolvemento de todos os proxectos. Así, a Xunta ten por finalidade que todos os concellos de Galicia contén con planeamento, que ademais é un dos grandes retos a que dará resposta a nova Lei do solo.

A Lei achega os instrumentos necesarios para garantir que os 314 concellos de Galicia teñan o seu plan urbanístico e no prazo máis breve posible, grazas a medidas como: a simplificación do proceso, creando o informe único autonómico que evita que os concellos teñan que solicitar todos os informes sectoriais por separado; e tamén axilizándoo, ao entender como positivo o silencio administrativo cando este alcanza os tres meses.

Outra das medidas é a creación de novas figuras como o Plan básico autonómico e os plans básicos municipais, destinados a servir de apoio aos concellos con menos de 5.000 habitantes, que son os que maiores dificultades técnicas adoitan atopar para elaborar un planeamento. Estes concellos terán a liberdade de elixir se fan eles o PXOM ou se o fai a Xunta a través do Plan básico municipal.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE JULIO ABALDE COMO NOVO REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- *O profesor doutor foi escollido pola comunidade universitaria nas eleccións do pasado 3 de decembro*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento do profesor doutor Julio Ernesto Abalde Alonso como reitor da Universidade da Coruña. Este nomeamento prodúcese despois de que fose elixido nas eleccións ao Reitorado da UDC o pasado 3 de decembro.

Julio Ernesto Abalde Alonso é catedrático de Microbioloxía, licenciado en Ciencias Biolóxicas en 1978 e doutor no ano 1986 pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Na actualidade ten recoñecidos 5 sexenios de investigación, froito do seu ininterrompido labor investigador no campo das microalgas.

O novo reitor da UDC desempeñou, así mesmo, diferentes responsabilidades no eido da xestión universitaria, tales como a de director da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG, 2005/2009) ou a de vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías da UDC, posto que ocupaba desde 2012.

A XUNTA DÁ LUZ VERDE AO DECRETO POLO QUE SE PON EN MARCHA O CONSELLO DE ARQUIVOS DE GALICIA

- *O Consello, previsto na Lei 7/2014, suporá un avance práctico en prol da mellora na política de arquivos e da protección do patrimonio documental na nosa comunidade*
- *Trátase do órgano consultivo de asesoramento, cooperación e participación en materia de arquivos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*
- *O órgano constituirase no prazo de tres meses desde a súa entrada en vigor*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao decreto polo que se regula a composición e funcionamento do Consello de Arquivos de Galicia, órgano consultivo de asesoramento, cooperación e participación en materia de arquivos no ámbito galego, adscrito á consellería con competencias en materia de cultura. O organismo, previsto na Lei 7/2014, de arquivos e documentos de Galicia, funcionará a través do traballo desenvolvido polo pleno, pola comisión permanente e por diversos grupos de traballo específicos.

Este consello constituirase no prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste decreto e non terá impacto económico para a Administración autonómica, xa que os membros que o conformen realizarán o seu traballo como parte das funcións inherentes do órgano que representen en que prestan servizo.

Así mesmo, o Consello de Arquivos é o órgano en que están representados os arquivos das institucións que integran o Sistema de arquivos de Galicia. As súas decisións inciden na política de arquivos e na protección do patrimonio documental, centrado nas novas funcións, tarefas e retos que se formulan na xestión deste patrimonio, soporte da memoria colectiva da comunidade e garante dos dereitos e deberes administrativos da cidadanía.

Estrutura e funcións

Segundo o proxecto de decreto aprobado polo Goberno galego, o Consello contará na súa estrutura cunha presidencia, exercida polo titular da consellería competente en materia de arquivos, tres vicepresidencias, unha secretaría e doce vogalías.

Entre as funcións do Consello están, en primeiro lugar, ditaminar ou emitir informes sobre a materia. Así, este organismo dará conta dos regulamentos emanados da Lei 7/2014, da incorporación de novos arquivos ao Sistema de arquivos de Galicia e do réxime de protección dos bens do patrimonio documental. Do mesmo modo, o Consello emitirá informe sobre a declaración singular destes bens como bens de interese cultural (BIC) e a súa inclusión no catálogo ou no inventario do patrimonio cultural de Galicia. Finalmente, o Consello tamén emitirá informe de todos os plans

relacionados coa política arquivística que pretenda aprobar o Goberno galego, así como das normas técnicas básicas a que deben adecuarse os arquivos que forman parte do sistema.

Por outra banda, o decreto regula unha serie de funcións proactivas e de asesoramento sobre a organización, estruturación e ordenación do Sistema de arquivos de Galicia. En consecuencia, o Consello proporalle ao departamento responsable do patrimonio documental e arquivístico iniciativas para o mellor funcionamento do sistema, así como políticas activas para contribuír á transparencia e ao acceso á información pública.

Desenvolvemento efectivo da nova lei

Este decreto desenvolve de xeito efectivo a Lei 7/2014, de arquivos e documentos de Galicia, que regula a protección, conservación e difusión do noso patrimonio documental, así como a organización, funcionamento, acceso e difusión do contido tanto dos arquivos de interese para Galicia como do propio sistema arquivístico territorial.

Organizar e impulsar o sistema arquivístico galego, adaptándoo á nova realidade e aos cambios que se están a producir no ámbito dos documentos e arquivos públicos, e garantindo o acceso, a conservación e a difusión do patrimonio galego, son os obxectivos principais desta nova lei, que lle outorga a Galicia o primeiro marco normativo específico con que desenvolver as súas competencias nesta materia.

O Sistema de arquivos de Galicia

O Sistema de arquivos de Galicia é a estrutura legal e administrativa que agrupa tanto os arquivos públicos da Comunidade Autónoma como os privados que así o soliciten. Deste xeito, no Sistema de arquivos de Galicia integranse as administracións públicas, entre elas a Xunta, os concellos, universidades, etc., que estarán obrigadas a custodiar documentos públicos. Este sistema contribuirá a garantir o contexto dos documentos, a súa autenticidade, a súa conservación e o dereito de acceso a estes.

O conxunto de arquivos de Galicia, mais os órganos da Administración que son competentes para a súa ordenación e desenvolvemento, así como os correspondentes servizos técnicos, conforman o Sistema de arquivos de Galicia. Trátase dunha estrutura legal e administrativa que permite un eficaz funcionamento dos arquivos e, xa que logo, da propia Administración, para asegurar a súa conservación a longo prazo e o acceso da cidadanía ao patrimonio documental.

A XUNTA INFORMA DO PROCESO DE RESTRUTURACIÓN DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO, QUE ACADA XA PRETO DE 70 MILLÓNS DE AFORRO PARA AS ARCAS DA NOSA COMUNIDADE

- *O Consello da Xunta informou hoxe do estado actual do Plan de racionalización, con 78 entes xa suprimidos, quedando só por executar 18 operacións*
- *Galicia será a primeira comunidade en completar un proceso global de reestruturación da Administración instrumental, tras intervir sobre 160 organismos*
- *Ao remate do proceso, a Xunta terá suprimido 96 organismos e optimizado outros 64 grazas á introdución de importantes melloras de eficiencia*

O Consello da Xunta anunciou hoxe o informe de seguimento dos tres plans de avaliación do Plan de racionalización da Administración paralela como proceso integral que inclúe non só a supresión de organismos innecesarios senón tamén a mellora da eficacia daqueles que seguen operando, e que a nivel global recolle 96 supresións e 596 medidas de eficiencia xa implantadas ou en proceso, o que supón un aforro para as arcas públicas de preto de 70 millóns de euros.

En canto aos avances acadados respecto do anterior seguimento do plan levado a cabo en abril deste ano, son o remate do proceso de liquidación do Centro de Supercomputación de Galicia, S.A., da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, S.A. e de Galioil, S.A., a baixa da Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional, a reconversión de dúas fundacións sanitarias - Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia e Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria FEGAS- en dúas axencias especialidades, a extinción da Compañía RTVG, S.A. e da Televisión de Galicia, S.A. para converterse na nova Corporación RTVG. Acadáronse 9,5 millóns máis de aforro con respecto ao rexistrado con ocasión do anterior seguimento.

Outros dous organismos serán sometidos a fusión: é o caso do Consello Galego da Competencia e o Instituto Galego de Consumo, que se fusionarán nun único ente, tal e como xa se prevía na Lei de racionalización. Ademais levarase a termo a separación da Xunta de tres fundacións: a Axencia Enerxética Provincial da Coruña, creada en 2006, a Fundación Dieta Atlántica, e o Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient).

Ademais, Agader deixará de ser unha entidade de dereito público e pasará a converterse nunha verdadeira axencia desde o punto de vista da súa entidade xurídico-administrativa; o mesmo ocorrerá co Instituto Enerxético de Galicia (Inega) que se converterá –en cumprimento da Lofaxga- nunha nova axencia autonómica.

Nas 64 entidades que continuarán operando, o traballo realizado polos auditores nos últimos meses valeu para incluír ata 596 recomendacións de mellora, facendo un total de 800. Estas recomendacións inciden en ámbitos como o control financeiro, a reordenación de espazos, a diversificación de actividades, a distribución de recursos materiais e humanos ou a orientación estratéxica.

Plan de racionalización

En canto se complete a execución desta terceira fase, Galicia converterase na primeira comunidade autónoma de España en completar un proceso global de reestruturación da súa Administración instrumental, tras intervir sobre 160 organismos nun proceso pioneiro de redución, simplificación e adaptación da súa estrutura ao actual contexto económico.

Ao final deste 'macroproceso' –que comprende os tres plans de racionalización activados e algunhas operacións puntuais de axuste realizadas fóra deles– a Xunta terá suprimido 96 organismos en total e outros 64 terán sido optimizados, despois de introducir neles importantes melloras de eficiencia tras un intenso traballo de auditoría interna.

Ademais, a Xunta comprometeuse a facer do proceso de racionalización unha garantía de permanencia e mellora continua e por iso a propia Lei de racionalización do sector público autonómico, aprobada recentemente, incorpora a obriga de realizar periodicamente plans de avaliación e reestruturación, tanto da Administración xeral como da instrumental.

O obxectivo destas accións é o mesmo que leva guiando a actuación do Goberno galego desde o ano 2009: evitar duplicidades, gañar en eficacia e transparencia, adelgazar a Administración, e que non sexan organismos instrumentais os que presten servizos e actividades que poden prestar de igual ou mellor xeito as consellerías de que dependen, e a un menor custo.

A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA CONVOCOU MÁIS DE 27.700 PRAZAS FORMATIVAS DURANTE O ANO 2015

- *Durante 2015 a Escola Galega de Administración Pública consolidou o seu compromiso coa formación e a divulgación a través da convocatoria de 596 actividades e 27.763 prazas, o que supón superar as cifras do ano anterior en case un 9 por cento no número de actividades e nun 9,5 por cento no número de prazas*
- *As modalidades de autoformación e de teleformación supuxeron máis da metade da actividade de formación continua convocada pola Escola*

Durante o ano 2015 a Escola Galega de Administración Pública consolidou o seu compromiso coa formación e a divulgación a través da convocatoria de 596 actividades e 27.763 prazas, o que supón superar as cifras do ano anterior nun 8,7 por cento no número de actividades e nun 9,5 por cento no número de prazas.

O número de edicións e prazas formativas mencionado é o resultado de sumar as actividades convocadas especificamente para o persoal das administracións autonómica, local, de xustiza, para o persoal de administración e servizos das universidades galegas, dos órganos institucionais e entes instrumentais da Administración pública, as actividades realizadas mediante convenio, os cursos superiores e de especialización, os cursos monográficos, as xornadas e a formación inicial en prevención de riscos laborais para o persoal de novo ingreso.

Cómpre destacar o camiño de integración de colectivos aos cales a EGAP ofrece formación iniciado no ano 2014. Así, ademais do persoal da Administración autonómica, local e de xustiza, a Escola incluíu o persoal de administración e servizos das tres universidades galegas e no ano 2015 o persoal de órganos institucionais e entes instrumentais vinculados á Xunta de Galicia.

A integración de todos estes colectivos permítelle á Administración racionalizar a formación impartida a través da creación de economías de escala. Deste xeito, a EGAP consegue un mellor aproveitamento dos seus contidos e recursos humanos e como consecuencia os empregados públicos poden acceder a máis cursos.

Por outra banda, a formación continua impartida pola EGAP segue a apostar polas novas tecnoloxías a través da integración total das modalidades de autoformación e teleformación. Así, durante 2015, estas dúas modalidades supuxeron máis da metade de toda a actividade de formación continua convocada pola Escola. Este tipo de formación consolida unha forma de ensino que axuda a eliminar barreiras e favorece a conciliación da vida familiar e laboral, á vez que serve para achegar a formación a un maior número de persoas a menor custo.

Formación específica para o persoal de cada Administración

Dentro dun contorno social, lexislativo e económico cambiante, a Escola responsabilízase da formación dos empregados públicos das diferentes administracións galegas co fin de que adquiran novas competencias que axuden a promover a súa profesionalización e continua reciclaxe. Deste xeito, o programa de formación desenvolvido anualmente pola EGAP constitúe un factor relevante para incrementar a produtividade da Administración, permitíndolle acadar os seus obxectivos de eficacia e de modernización.

No caso da formación específica para o persoal da Administración autonómica, a EGAP convocou 373 actividades, un 11,6 por cento máis ca no ano anterior, e 17.090 prazas, un 12 por cento máis ca no ano anterior.

Este incremento tamén se viu reflectido nas actividades para o persoal da Administración de xustiza –cun 39,3 por cento máis de actividades e un 33 por cento máis de prazas ca no 2014–, para o persoal da Administración local –cun 200 por cento máis de actividades e un 124,7 por cento máis de prazas– e para o persoal de administración e servizos das universidades galegas –cun 19,4 por cento máis de prazas.

Finalmente, a aplicación da Lei do empregado público de Galicia levou a Escola a crear un programa formativo en exclusiva para o persoal que presta servizos nas entidades públicas instrumentais do sector público e nas institucións públicas autonómicas de Galicia, composto por 21 actividades e 650 prazas nas modalidades presencial, de teleformación e autoformación.

Unha formación aberta á cidadanía

A través dos cursos superiores e de especialización, dos cursos monográficos e das xornadas a EGAP estase a consolidar como unha institución aberta a toda persoa interesada naqueles aspectos de actualidade relevantes e incidentes no funcionamento da Administración pública. Deste xeito, favorécese unha formación especializada para aqueles profesionais que traballan en contacto directo coa Administración e posibilitase unha maior aproximación da cidadanía ao eido público.

Baixo estas premisas, durante o ano 2015 a EGAP convocou seis cursos superiores e de especialización, cun total de 280 prazas, e sete cursos monográficos e oito xornadas que recibiron 1.314 e 1.073 inscricións, respectivamente.

A XUNTA IMPULSA O PROXECTO DE INTEGRACIÓN DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES DE OURENSE NA TERMINAL DE FERROCARRIL, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 3,4 MILLÓNS DE EUROS

- *O Goberno galego abriu o concurso público para a redacción neste ano do proxecto básico e de execución da estación intermodal*
- *Esta actuación permitirá chegar a estación de autobuses a un lugar máis céntrico e facilitar o intercambio de viaxeiros entre os diferentes modos de transporte*
- *A nova estación de autobuses situarase xunto á estación ferroviaria e detrás do centro de saúde e estará dotada con 16 dársenas, máis 3 adicionais de regulación, ademais dun edificio terminal duns 430 m², ocupando unha superficie total de 5.800 m²*
- *A Xunta remitiu un borrador de convenio ao Concello de Ourense e á Adif no cal se concretan as actuacións que debe asumir cada Administración para desenvolver o proxecto da intermodal*
- *O Goberno galego asume a responsabilidade de redactar o proxecto, executar e financiar as obras da nova estación de autobuses, incluíndo un aparcadoiro en superficie con máis de 240 prazas*
- *Trátase dunha actuación coordinada co Adif, responsable de adaptar a estación de ferrocarril aos servizos de alta velocidade e conectar os barrios a ambos os lados das vías ferroviarias*
- *O Concello de Ourense debe encargarse de promover as modificacións necesarias no ordenamento urbanístico, así como de ceder á Xunta os terreos necesarios para a execución da estación de autobuses*
- *O Goberno galego avanza no fomento da intermodalidade na comunidade, para o que ten consignados case 35 millóns de euros*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre o proxecto de integración da estación de autobuses de Ourense na terminal de ferrocarril, unha actuación que se estima que suporá un investimento de 3,4 millóns de euros. O Goberno galego está a impulsar a estación intermodal da cidade das Burgas e abriu o concurso público para a redacción do proxecto construtivo da nova terminal de autobuses, que se redactará o vindeiro ano.

A licitación do proxecto básico e de execución da estación de autobuses integrada na estación de ferrocarril de Ourense abriuse cun importe de preto de 148.000 euros e un prazo de 3 meses para o proxecto básico e de 6 meses para o total do proxecto construtivo, contando desde a sinatura do contrato.

A Xunta aposta pola intermodalidade para fomentar o uso do transporte público en detrimento do vehículo privado e acadar un transporte máis sustentable na

comunidade. Neste sentido, o Goberno galego ten consignados 34,4 millóns de euros para impulsar a intermodalidade en Galicia nos vindeiros anos.

O proxecto de intermodal para Ourense supón achegar a estación de autobuses a un lugar máis céntrico e facilitar o intercambio de viaxeiros entre modos de transporte. As actuacións integrais no eido da intermodalidade inclúen actuacións de adaptación de plataformas e de conexión entre barrios a ambos os lados das vías ferroviarias por parte do Adif.

A nova de estación de autobuses situaríase xunto á estación ferroviaria e detrás do centro de saúde. Segundo a análise dos estudos previos realizados pola Xunta de Galicia para avanzar na estación intermodal, a terminal de autobuses deberá contar con 16 dársenas e outras 3 adicionais de regulación. Ademais, construírse un edificio terminal duns 430 m² e a superficie total chegará a 5.800 m². Tanto a terminal como as dársenas contruíríanse ao nivel da rúa.

A Xunta prevé, así mesmo, a execución dun aparcadoiro en superficie, que contará con 241 prazas, 16 delas para persoas con mobilidade reducida.


Coordinación de actuacións


Para avanzar no desenvolvemento desta infraestrutura de forma coordinada coas outras administracións implicadas, a Xunta remitiúlles a Adif e ao Concello de Ourense un borrador de convenio para concretar as actuacións que debe asumir cada institución no ámbito da súa competencia.

Segundo o dito convenio, por unha parte, a Xunta de Galicia deberá redactar en 2016 o proxecto básico e de execución, incluíndo a reposición en superficie do aparcadoiro de turismos. Tamén lle corresponderá executar e financiar con cargo as obras da nova estación, incluíndo o aparcadoiro en superficie.

Por outra parte, Adif deberá redactar os proxectos básicos e de execución na estación de ferrocarril para adaptala aos servizos de alta velocidade e para as actuacións de mellora da conectividade dos barrios a ambos os lados das vías. Ademais, terá que executar e financiar as obras correspondentes a ambas as actuacións e cederlle á Xunta de Galicia a titularidade dos terreos necesarios para a construción da nova estación.

O Concello de Ourense encargárase de promover as modificacións necesarias no ordenamento urbanístico, así como de ceder á Xunta os terreos necesarios para a execución da estación de autobuses. Tamén lle corresponderá realizar as actuacións necesarias de regulación semaforizada e instalación de novos semáforos para a entrada e saída segura dos autobuses.





A XUNTA MOBILIZARÁ 100 MILLÓNS NA MELLORA COMPETITIVA DO TECIDO PRODUTIVO APOIANDO INVESTIMENTOS EMPRESARIAS E PROXECTOS DE INDUSTRIA 4.0

- *O programa Galicia Investe suma 12 millóns para facilitar ás pemes galegas a posta en marcha de novas iniciativas que prioricen a creación de emprego*
- *Multiplícanse por 7 os fondos destinados ao Galicia emprende co obxectivo de promover o emprendemento e apoiar a consolidación temperá de novas empresas*
- *Destínanse 4 millóns á industria 4.0 promovendo catro proxectos piloto en que participarán 50 empresas que desenvolverán actuacións centradas na mellora dos seus procesos produtivos*
- *A través do Resolve, a Consellería de Economía, Emprego e Industria concederá préstamos avalados de entre 3.000 e 150.000 euros para financiar o activo corrente que precisan as empresas*
- *Actívase a nova liña de apoios, xunto á Consellería do Medio Rural, que mobilizará ata 10 millóns de euros contribuindo á mellora da liquidez das explotacións gandeiras galegas*
- *Nos últimos 7 anos a Xunta de Galicia colaborou en preto de 4.500 proxectos empresariais que están a xerar investimentos por valor de 939 millóns de euros, contribuindo ao mantemento ou creación de case 19.000 postos de traballo*

O Goberno galego segue a traballar co obxectivo de consolidar a recuperación económica e dar un novo pulo á actividade empresarial, contribuindo á xeración de riqueza e emprego na Comunidade. Neste sentido, a Consellería de Economía, Emprego e Industria destinará este ano 22 millóns de euros, que permitirán mobilizar case 100 millóns no apoio a investimentos empresariais e novos proxectos de industria 4.0, incrementando así a competitividade do tecido produtivo.

A través destas iniciativas, que coñeceu hoxe o Consello da Xunta, impulsaranse actuacións en diferentes eidos facilitando novos investimentos nas pemes, a promoción do emprendemento, a mellora dos procesos produtivos das empresas cara á fábrica intelixente, ou o financiamento do activo corrente das empresas. Grazas ao desenvolvemento destes proxectos contribuírase ao mantemento ou creación de arredor de 7.000 postos de traballo.

Neste contexto, o programa Galicia Investe céntrase desta volta nas pequenas e medianas empresas, aspirando a impulsar preto dun centenar de iniciativas que disporán de apoios que oscilan entre os 50.000 e os 900.000 euros. Foméntanse así actuacións de investimento en obra civil e maquinaria e outros bens de equipamento para facilitar a creación de novos establecementos ou o crecemento dos xa existentes. Así mesmo, primaranse aquelas iniciativas que presenten un elevado potencial de creación de emprego.

Esta aposta complementábase co programa Galicia Emprende, que favorecerá o emprego a través da creación de empresas por parte de emprendedores, así como apoiar a consolidación temperá de novas compañías. Para isto, a liña conta cun orzamento de case 4 millóns, o que supón multiplicar por 7 os fondos con respecto á anterior convocatoria, facilitando apoios dun mínimo de 25.000 euros e un máximo de 500.000 euros. Deste xeito, subvencionaranse actuacións de obra civil, bens de equipo ou outros activos fixos mobiliarios, así como gastos de I+D ou o canon fixo de franquías durante o primeiro ano.

Cara á industria 4.0

Neste marco de apoio ao tecido produtivo, o Goberno galego activará este ano, por primeira vez, unha liña pioneira encamiñada ao impulso de 4 proxectos demostrativos no ámbito da fábrica intelixente, desenvolvendo actuacións concretas que se implementarán nos procesos produtivos dun total de 50 empresas que se agruparán ao redor das iniciativas.

A convocatoria, no marco da Axenda da competitividade Galicia – industria 4.0, está dotada con 4 millóns de euros para que os consorcios formados por pemes galegas e un organismo intermedio –xa sexa un clúster, centro tecnolóxico ou unha asociación empresarial– presenten proxectos conxuntos para aplicar tecnoloxías desta industria 4.0.

Neste contexto, inclúese un concurso de ideas previo para adaptar as iniciativas aos grandes eixes da industria 4.0: a integración vertical de sistemas intelixentes, que inclúe a fábrica intelixente, as redes intelixentes de enerxía, a loxística intelixente e os produtos intelixentes; os avances en tecnoloxías como a intelixencia artificial, a internet das cousas, a robótica avanzada, a impresión en 3D ou o *Big Data*.

Acceso ao circulante

Por outra banda, o Goberno galego activou as convocatorias do programa Resolve e da nova liña de apoio ás explotacións lácteas, que mobilizarán conxuntamente 18 millóns de euros en financiamento de circulante para as pemes galegas mediante préstamos avalados.

Neste sentido, o Resolve concederá préstamos comprendidos entre 3.000 e 150.000 euros, favorecendo o acceso ao financiamento de circulante, un dos principais problemas que atopan as compañías, mediante préstamos avalados nun 100% polas sociedades de garantía recíproca (SGR) que, pola súa vez, contan cun reaval da Consellería de Economía, Empresa e Industria polo 25% do risco asumido.

Así mesmo, a liña de apoios ao sector lácteo, promovida polas consellerías de Economía, Emprego e Industria e Medio Rural, mobilizará ata 10 millóns de euros de cara a mellorar a liquidez das explotacións gandeiras galegas. Para isto, bonificaranse

os custos financeiros para facer fronte ás garantías requiridas polas entidades bancarias ás empresas do sector.

Deste xeito, a Xunta de Galicia reforza a súa cooperación co tecido empresarial galego co obxectivo de consolidar a recuperación e impulsar o crecemento. Este traballo conxunto permitiu, desde o ano 2009, a través de todas estas liñas, colaborar con preto de 4.500 proxectos empresariais que están a xerar investimentos por valor de 939 millóns de euros, contribuíndo ao mantemento ou creación de case 19.000 postos de traballo.

A XUNTA ACREDITARÁ A EXPERIENCIA PROFESIONAL DE PRETO DE 2.200 GALEGOS E INCLUIRÁ NOVAS CUALIFICACIÓNS NA CONVOCATORIA PARA 2016

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria reconece con carácter oficial e validez nacional, a experiencia ou formación non formal dos traballadores galegos*
- *As novas cualificacións que se inclúen son de aproveitamentos forestais e tanatopraxia, que se unen ás oito materias que xa se veñen convocando*
- *Máis de 7.800 galegos xa acadaron unha acreditación oficial a través desta iniciativa da Administración autonómica*
- *O Goberno galego destinará 75 millóns de euros ao eido da formación en 2016 con medidas que incluírá na nova Axenda de emprego*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria publicará a próxima semana unha nova convocatoria para acreditar a experiencia profesional dos traballadores galegos. Trátase de 2.171 novas prazas e dúas novas cualificacións: aproveitamentos forestais e tanatopraxia.

Así, en total son 10 profesións as que se convocan, as dúas novas e as de atención sociosanitaria a persoas no domicilio, e a persoas dependentes en institucións sociais; servizos para o control de pragas; xestión de servizos para o control de organismos nocivos; socorrismo en espazos acuáticos naturais e en instalacións acuáticas; extinción de incendios e salvamento; e confección e mantemento de artes e aparellos.

Coa publicación da convocatoria abíranse dous prazos de inscrición: dun mes para atención sociosanitaria, control de pragas, xestión para o control de organismos nocivos, socorrismo en espazos naturais e instalacións acuáticas e confección e mantemento de artes e aparellos; e para as novas cualificacións, de aproveitamentos forestais e tanatopraxia, o prazo de inscrición abírase no prazo de 3 meses a partir do día seguinte da publicación no DOG. Para a cualificación de extinción de incendios non se precisa presentación de solicitudes.

As cualificacións que se convocan, na maioría dos casos, son actividades ou profesións que, por normativa, debido a razóns de saúde e seguridade e co obxectivo de garantir un bo servizo aos usuarios, esixen como requisito imprescindible para desempeñalas a posesión dun título ou certificado de profesionalidade, que acredite a súa competencia profesional. É, por exemplo, o caso dos profesionais de atención sociosanitaria, socorristas, do control de pragas, redeiras e de tanatopraxia.

Estas acreditacións teñen carácter oficial e validez nacional, polo que as persoas que obteñan estes recoñecementos poderán facelos valer no mercado laboral como certificados oficiais dos coñecementos e capacidades adquiridos a través de anos de

experiencia. Isto facilitaralles ás persoas avanzar e progresar na súa carreira profesional e ás empresas permitiralles optimizar o aproveitamento dos seus recursos humanos.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria vén publicando desde 2011 este procedemento para recoñecer as competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral. De media, ao ano, véñense convocando desde entón aro redor de 2.000 prazas. Das preto de 10.000 prazas convocadas ata o momento, 7.860 acadaron unha acreditación oficial da súa competencia profesional.

Pioneira en acreditación profesional

De feito, Galicia está á cabeza da formación certificable. En 2011, ademais, a Comunidade converteuse nunha das rexións pioneiras en impulsar este procedemento de recoñecemento da competencia profesional.

Ademais, a Xunta financia actividades de formación coas cales se poden conseguir tamén certificados de profesionalidade. Entre as acreditacións e os cursos de formación preto de 50.000 galegos e galegas obtiveron desde 2009 un certificado de validez nacional que acredita a súa formación, amplía os seus currículos e mellora a súa profesionalidade.

No ámbito da formación, a Consellería destinará 75 millóns de euros en 2016 e entre as medidas que se porán en marcha, e que se incluírán na nova Axenda de emprego, destaca a nova estratexia de formación profesional para o emprego, que promoverá, entre outros, a formación dos traballadores nas empresas e dos seus cadros directivos e unha liña formativa centrada nos sectores estratéxicos e emerxentes.

SANIDADE REALIZOU DIVERSAS INICIATIVAS PARA INFORMAR A POBOACIÓN SOBRE O FUNCIONAMENTO DO REXISTRO GALEGO DE INSTRUCIÓNS PREVIAS

- ***Elaborouse e difundíuse un audiovisual, formáronse a profesionais e garantiuse a visibilidade desta información no aplicativo da historia clínica electrónica***

En Galicia, o Decreto 159/2014, do 11 de decembro, establece a organización e funcionamento do Rexistro galego de instrucións previas sobre coidados e tratamento da saúde. Ademais, a Lei 5/2015 do 26 de xuño, sobre dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, encomenda á Consellería de Sanidade a realizar actividades que fomenten o coñecemento e no exercicio das instrucións previas.

Con este obxectivo, desde a Escola Galega de Saúde para Cidadáns elaborouse un audiovisual con finalidade informativa e formativa sobre o que son as instrucións previas e como apuntarse ao rexistro da Comunidade Autónoma, que se difundiu a través da páxina web do Sergas, a intranet, a propia páxina web da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, YouTube e a plataforma É-Saúde. Tamén se informou sobre este vídeo –a través dun correo electrónico– a todos os profesionais do Sergas, a colexios oficiais de profesións sanitarias, ás asociacións que forman parte do Consello Asesor de Pacientes e á Rede de Escolas de Pacientes e Cidadáns do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Ademais, a Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade realizou o pasado mes de novembro un curso para profesionais sanitarios do Sergas sobre dereitos e deberes dos pacientes, cun módulo específico sobre instrucións previas, que terá unha segunda edición este ano.

Tamén se garantiu a visibilidade da información sobre o Rexistro de instrucións previas na historia clínica dos pacientes na nova versión de historia clínica electrónica e incorporouse un acceso visible e fácil de acceso entre as funcionalidades da plataforma É-Saúde, actualmente en fase de pilotaxe. Por último, desde o propio Rexistro galego de instrucións previas fórmanse os profesionais sanitarios e infórmanse os cidadáns e aos notarios.

O documento de instrucións previas é aquel en que unha persoa maior de idade, capaz e libre, manifesta anticipadamente a súa vontade de recibir ou non actuacións médicas, co fin de que esta se respecte e se cumpra no momento en que por determinadas circunstancias non sexa capaz de expresala persoalmente. É unha ferramenta de grande utilidade para os profesionais sanitarios porque lles permite

coñecer cales eran os desexos dun paciente sobre os coidados para as últimas etapas da súa vida, se se chega a dar a circunstancia de que xa non poida expresarse.

Dese modo, este rexistro axúdalles a aplicar o principio ético e legal básico de autonomía do paciente, é dicir, que a persoa teña maior capacidade para decidir o que desexa, sempre dentro dun marco legal, cos recursos dispoñibles e respectando os requirimentos científicos e éticos que puidesen afectar a cada caso en particular.

En Galicia, as instrucións previas deben formalizarse mediante algún dos procedementos seguintes: ante notario, ante tres testemuñas ou ante un funcionario do Rexistro galego de instrucións previas ou en calquera das súas unidades habilitadas. Os cidadáns galegos poden cubrir este rexistro en calquera momento da súa vida e os contidos recollidos son susceptibles de revisión e revogación posterior, se así o desexasen, para o que se porá en práctica o procedemento previsto.

A XUNTA INVESTIRÁ 5 MILLÓNS E MEDIO DE EUROS AO ABEIRO DA ESTRATEXIA DE ACCIÓN VOLUNTARIA 2015-2018 QUE AUMENTARÁ A PARTICIPACIÓN ACTIVA DOS CIDADÁNS NA MELLORA DA SOCIEDADE

- *A Estratexia mantén a estrutura do III Plan galego de acción voluntaria (2011-2014) e desenvolve tres grandes áreas de traballo nas cales se engloban os distintos obxectivos estratéxicos marcados pola lei*
- *A Estratexia mellorará a xestión do ciclo de acción voluntaria de acordo cos principios de transparencia, eficacia e eficiencia, así como tamén o coñecemento do voluntariado, analizando as novas tendencias de participación social e as novas canles e colectividade e perfís de persoas voluntarias*
- *No momento actual, no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia están inscritas un total de 869 entidades de acción voluntaria, que declaran un total de 38.887 persoas voluntarias colaboradoras*
- *As axudas ao fomento do voluntariado son unha das políticas fundamentais da Dirección Xeral de Xuventude polo que, en 2016, as axudas que impulsan o voluntariado dirixidas a entidades locais e outras asociacións se verán incrementadas nun 4,08%, o que supera os 520.000 euros*

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, informou o Consello da Xunta da Estratexia de acción voluntaria 2015-2018, que regulará a actividade en materia de voluntariado durante os próximos catro anos e que contará cun orzamento aproximado de 5.331.000 euros.

A Estratexia mantén a estrutura do III Plan galego de acción voluntaria (2011-2014) e desenvolve tres grandes áreas de traballo en que se engloban os distintos obxectivos estratéxicos marcados pola lei. A primeira grande área será a sensibilización, que abrangue os obxectivos de mellora da calidade e cantidade de participación cidadá, en especial a de colectivos con maiores dificultades sociais, así como a creación dunha estrutura global de información, formación e sensibilización de acción voluntaria. A segunda grande área será o apoio dentro do cal se establecen os obxectivos de fortalecer as entidades de acción voluntaria, elaboración de novos instrumentos normativos, así como a elaboración de programas de formación. Por último, a grande área de coordinación ocupárase de reforzar a coordinación interadministrativa e interdepartamental.

A través da Estratexia de acción voluntaria 2015-2018, a Xunta de Galicia pretende aumentar a capacidade de transformación social e de participación activa dos cidadáns a través do voluntariado na mellora da sociedade. Do mesmo xeito, ampliaranse as marxes de sustentabilidade das entidades de acción voluntaria e do terceiro sector no seu conxunto. A Estratexia mellorará a xestión do ciclo de acción voluntaria de acordo cos principios de transparencia, eficacia e eficiencia, así como tamén o coñecemento

do voluntariado, analizando as novas tendencias de participación social e as novas canles e colectividades e perfís de persoas voluntarias.

No momento actual, no Rexistro de acción voluntaria de Galicia están inscritas un total de 869 entidades de acción voluntaria, que declaran un total de 38.887 persoas voluntarias colaboradoras. Por outra banda, na Sección de Experiencias no Rexistro están depositadas 1.557 experiencias das persoas voluntarias. Galicia é pioneira na certificación oficial da experiencia voluntaria, grazas á creación deste rexistro. Esta certificación enriquece os currículos dos voluntarios e axuda a mellorar, polo tanto, as súas oportunidades de acceder a un posto de traballo.

Apoio ao voluntariado

A Estratexia de acción voluntaria 2015-2018 inscríbese na aposta da Xunta de Galicia polo voluntariado. Neste eido, o Goberno autonómico leva a cabo numerosos programas como Voluntariado desde dentro, Pasaporte solidario, Rede de centros escolares solidarios, Programa de voluntariado de acompañamento a persoas con alzhéimer, Programa de voluntariado cultural nas bibliotecas de Galicia, Programa de voluntariado ambiental para a prevención e defensa contra os incendios forestais, Programa de voluntariado ambiental en parques naturais, Voluntariado dixital, Intercambios en colaboración coa Rede Española de Albergues Xuvenís ou o Servizo de Voluntariado Xuvenil.

Cómpre lembrar que as axudas ao fomento do voluntariado son unha das políticas fundamentais da Dirección Xeral de Xuventude, que este ano 2016 verá incrementados os seus orzamentos nun 15% ata chegar aos 9.443.168 euros. En particular, as axudas que impulsan o voluntariado dirixidas a entidades locais e outras asociacións veranse incrementadas nun 4,08%, o que superará os 520.000 euros.